



Asunto: Relación certificada obrigas pendentes de pagamento Rd lei 4/2012.

Ref.: 070/2012

1.- Antecedentes

O pasado 25 de febreiro publicouse no BOE o Real Decreto lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se estableceron obrigas informativas e procedementos para o pagamento dos provedores das entidades locais.

Con respecto ás obrigas informativas, o artigo 3 do citado real decreto, preveía a obriga a cargo dos interventores das entidades locais, de certificar con anterioridade ó 15 de marzo do ano en curso, as obrigas pendentes de pagamento nas que concorreran os seguintes requisitos :

- Que foran vencidas, líquidas e esixibles.
- Que a recepción das facturas na entidade local, tivera lugar con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2012, e a través dos seus correspondentes rexistros administrativos.
- Que estiveran referidas a contratos de obras, servizos ou subministrados, incluídos no ámbito de aplicación da lexislación contractual das administracións públicas.

No tocante ós procedementos que arbitra o nomeado real decreto, cómpre facer referencia á previsión dun plano de axuste, que deberán elevar ós interventores ós plenos das corporacións locais, de non se efectuar o pagamento das obrigas certificadas como pendentes de abono, con anterioridade o 31 de marzo de 2012 (art. 7 Rd 4/2012).

Este plano de axuste, unha vez aprobado polo pleno da corporación e informado favorablemente polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, permitirá ós concellos afectados, subscribir unha operación de endebedamento a longo prazo (máximo dez anos) co gallo de poñer ó día, os pagamentos cos seus provedores, cun tipo de interese a determinar, mais situado en principio segundo información da FEMP, entre un 5 % e un 6 %.



2.- Consideracións

Expostos estes antecedentes, en cumprimento do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto lei 4/2012, no que se refire á obriga de informar ó pleno da corporación da relación certificada dos pagamentos pendentes de realización a 15 de marzo de 2012, e remitidos consecuentemente ó Ministerio de Facenda, esta Intervención emite o seguinte informe :

Primeiro.- A certificación de obrigas pendentes de pagamento do Concello de Ourense cos requisitos establecidos no Real decreto 4/2012, acadou un monto global cifrado en 2.079.306,08 euros, quedando pendentes de abono á data de realización deste informe (30 de marzo), a metade das obrigas certificadas, por un importe exacto de 1.082.033,44 euros.

Segundo.- Para enxugar o pagamento destas obrigas, a xuízo do funcionario que subscribe, non cómpre acudir a ningunha operación de endebedamento e polo tanto tampouco cabe a aprobación dun plano de axuste, con base nos seguintes considerandos :

- Dende o punto de vista financeiro, o Concello de Ourense amosa na actualidade, unha óptima situación de tesourería, con excedentes de liquidez colocados no Banco Gallego (8 millóns a un 4,2 %) e no BBVA (7 millóns a un 3,75 %), que permiten aventurar, unha vez vencido o prazo da súa colocación (mediados do mes de abril), recursos financeiros dabondo para afrontar pagamentos de débeda por riba das obrigas recoñecidas, pretéritas e presentes.

- Dende un punto de vista orzamentario, cabe informar que no avance da liquidación do orzamento do 2011, apreciase un remanente de tesourería antes de axustes, de carácter positivo, en liña cos resultados de exercicios precedentes, circunstancia que permitirá, unha vez pechado ó exercicio, dar encaixe a recoñecementos de débedas procedentes de exercicios anteriores.

Por outra banda, mais dentro deste apartado, tendo en conta a situación de prórroga orzamentaria, e a instancias da Intervención municipal, tense emitido un informe polo Xefe do órgano de xestión tributaria, no que se analiza as previsións



de ingresos de carácter tributario para o exercicio en curso, sen que se observen desviacións globais de signo negativo, con respecto ás que figuran nas previsións iniciais do orzamento prorrogado, de xeito tal, que non semella en perigo, a consecución do obxectivo da estabilidade orzamentaria.

- Finalmente, ponse de manifesto que o monto global pendente de pagamento, cifrado nun millón de euros, responde na súa meirande parte a facturas pendentes de trámites internos cara a súa aprobación, fundamentalmente expedientes de recoñecemento extraxudiciais de débeda, por importe de 311.831,10 euros, no que se refire a aqueles que deben ser aprobados polo pleno da corporación, e por importe de 345.566,75 euros, no referente a aqueles que deben ser aprobados pola Xunta de Goberno local, situacións ás que cabería engadir os gastos realizados con carga a remanentes de crédito procedentes do exercicio anterior, pendentes da formalización dun expediente de incorporación ó exercicio en curso.

3.- Conclusións

Dende esta Intervención municipal, tendo en conta a situación económico e financeira anteriormente descrita, acóllese a liña interpretativa do propio Ministerio de Facenda, no sentido de considerar innecesario aprobar un plano de axuste apesares de presentar a 31 de marzo obrigas pendentes de pagamento con data de rexistro anterior ó 1 de xaneiro do 2012, por estimar que esta circunstancia responde a cuestións procedimentais, mais que a dificultades de orde económico, criterio que pódese contrastar na Oficina virtual de coordinación financeira coas entidades locais ([http:// www.minhap.gob.es / es-ES/Administracion%20Electronica/OVEELL/Paginas/OVEntidadesLocales.aspx](http://www.minhap.gob.es/ES/Administracion%20Electronica/OVEELL/Paginas/OVEntidadesLocales.aspx)).

O que se traslada para o seu coñecemento e efectos.

Ourense, 30 de marzo de 2012

O interventor xeral

Gonzalo Alonso Álvarez